

DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 25 DE NOVEMBRO

VIOLENCIA XÉNERO



Anahi DeCanio

"A violência contra as mulheres deriva da desigualdade de poder entre homens e mulheres."

Inés Alberdi




DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO





25 DE NOVIEMBRE

Para comezar...comenzar...



Prensa

Coñecemos algo máis da vida da científica da antigüidade Hipatia grazas a película *Ágora* de Amenábar. Podemos ler no xornal *El Mundo* as reflexións de Miguel Lorente, delegado do goberno para combater a violencia de xénero. Mantén que as circunstancias que rodearon a morte de Hipatia seguen vixentes no mundo actual, despois de máis de quince séculos:

Matar a Hipatia no século XXI

“Hipatia xa non é unha muller, nunca foi só unha muller, senón a representación de que non había razóns para a desigualdade. E por iso foi asasinada.

Hipatia rompeu cos moldes de finais do século IV e principios do V, e dedicou a súa vida ao coñecemento e á filosofía. Foi admirada por moitos dos seus contemporáneos, pero tamén espertou as críticas e o rexeitamento dunha parte da sociedade que vía con temor que unha muller conseguise ese status e, sobre todo, que o desenvolvese nun ámbito público ata alcanzar unha posición influente.

Hipatia foi asasinada cando contaba 60 anos, o cal indica que a súa morte non foi produto dun enfrontamento puntual nacido da crítica á súa conduta, senón a consecuencia dun proceso que culminou cando se entendeu que a súa vida tiña que ser limpada coa súa morte. Con ela buscouse acabar co que se entendía que era un problema e mandar unha mensaxe á sociedade para evitar que puidese servir de exemplo. Nunha acción claramente exemplificadora, despois do crime foi descortizada.

Cando se chega a unha conclusión dese tipo, o tempo só achega razóns para construír o argumento co que acabar co problema. Así

ocorreu con Hipatia e a súa relación con Orestes, que foi entendida como un ataque aos adversarios do prefecto romano, pero non responderon fronte a Orestes, fixérono contra Hipatia, porque para eles o verdadeiro problema non era a política do prefecto, senón que tiñese a **unha muller como asesora**.

Se se analizan as circunstancias que envolveron o asasinato de Hipatia, atopámonos con tres elementos fundamentais: por unha banda, a **conduta apartada do rol** de muller nesa época; por outro, a percepción de que dita conduta perxudicaba a quen acabou coa súa vida e **supuña un mal exemplo**; e en terceiro lugar, a necesidade de **xustificar a morte arredor dunha conduta negativa**, que no caso de Hipatia pasou por acusacións de bruxaría e maxia negra, como destaca a investigadora María Ddzielska.

Hoxe, 16 séculos despois, Hipatia xa non é unha muller, pero segue viva en moitas outras que rompen cos moldes establecidos por unhas referencias culturais que continúan distribuindo tempos, espazos e roles en función do xénero, e que, dalgunha maneira, expoñen ás mulleres á aprobación e crítica do contexto social e dos homes cos que establecen unha relación. **E por iso seguen sendo asasinadas**; así de terrible, así de simple”.

(...)“A violencia contra as mulleres **non é nova**, pero esta circunstancia non resta responsabilidade á súa abordaxe no momento actual. Todo o contrario, elévaa porque é nesa dimensión histórica onde alcanza todo o seu significado e onde podemos atopar as claves para a súa solución. O problema non está en se os autores visten túnica, capa ou pantalóns, senón en cales son os obxectivos e a motivación desas condutas e en que os sustentan para que poidan permanecer no tempo a pesar da gravidade do seu resultado.

Se nos aproximamos ao que a sociedade española pensa sobre a violencia de xénero, quizais poidamos entender mellor a situación. Segundo un **estudo sociolóxico** realizado polo Ministerio de Igualdade (xuño de 2009), un 8,4% da poboación pensa que a violencia contra as mulleres é inevitable ou aceptable nalgunhas circunstancias, un 5% que hai agresións xustificadas, un 36,5% que a culpa é das mulleres por prolongar a convivencia co agresor, máis dun 60%

que a violencia se debe ao alcol, a problemas psicolóxicos ou que se dá en niveis culturais baixos, e un 10% considera que o home agresivo resulta máis atractivo. Dalgunha maneira, os estudos reflicten que aínda existen elementos suficientes para facer do recurso á violencia unha posibilidade, que despois será integrada sobre as referencias culturais que a presentan como algo inevitable, xustificable, aceptable ou produto de interferencias externas, cando non da propia muller.

O día 25 de novembro é un día para chamar a atención sobre esta realidade: a da **violencia visible e a das súas causas ocultas**. Un día para facer do debate conciencia e da conciencia acción, pois só o coñecemento e a crítica que esperte poderán cambiar as causas que acabaron coa vida de Hipatia no ano 415, as mesmas que hoxe, en pleno século XXI, fano coa de tantas mulleres (...).”

Miguel Lorente. *El Mundo* (25/11/2009)

CUESTIÓNS

- Cales foron, segundo o autor, as causas do asasinato de Hipatia?
- Esas mesmas causas seguen a xustificar, nos nosos tempos, a violencia contra as mulleres?
- Busca exemplos de mulleres que se aparten do rol establecido e reciban por iso críticas.
- Reflexiona sobre os datos que aportou o estudo realizado polo Ministerio de Igualdade do pensamento da sociedade actual sobre a violencia de xénero. Cal é a túa opinión? Compártea co resto da túa clase.
- O Ministerio de Igualdade ten desaparecido como tal, qué pensas que vai suponer de cara a loita pola igualdade?





Vídeo: *Violencia de género*

<http://www.youtube.com/watch?v=z-0GJMmEY9U>



CUESTIÓNS

- Que te chamou máis a atención do vídeo?
- Aportouche algún dato que descoñecías?
- Pódese concibir un sistema democrático no que a metade da poboación sofre violencia en razón do seu sexo?
- Que sabes do **sistema patriarcal**?
- Explica coas túas palabras **machismo e feminismo**. Son palabras contrarias? Comproba as definicións nun dicionario.
- Pode haber mulleres machistas?
- E homes feministas? Busca datos sobre "Homes galegos pola igualdade"
<http://www.homesgalegospolaigualdade.org/ga/>
- Cales son, ao teu entender, as **causas** da violencia contra as mulleres?
- Describe como soe funcionar a violencia nas distintas etapas da vida:
 - Adolescencia
 - Madurez
 - VellezAprecias diferenzas ou similitudes?

COMENTA AS SEGUINTES FRASES

"A ONU considera a violencia contra as mulleres un problema de saúde pública de primeira magnitude"

"Os feitos non deixan de existir so porque sexan ignorados."

Thomas Henry Huxley

"É máis fácil obter o que se desexa cun sorriso que coa punta da espada."

William Shakespeare

"Á muller e ao can, o pau nunha man e noutra man o pan"

Refrán galego

"A violencia é o medo ás ideas das demais persoas e a pouca fe nas propias"

Antonio Fraguas Forges



LECTURA:

Olvidadas, de Rosa Montero

http://www.elpais.com/articulo/ultima/Olvidadas/elpepiult/20100209elpepiult_1/Tes



Canción: *El final del cuento de hadas (con Lydia)* de El Chojin

<http://www.youtube.com/watch?v=zld2hkhDZAY>

[El Chojin] Sé que no le gusto a tus padres, pero ellos que saben,
no eres tan pequeña y yo no soy tan grande,
te he demostrado que te quiero durante este tiempo,
acepta mi anillo, cástate conmigo.

[Lydia] Es precioso, claro que acepto mi vida.

[El Chojin] Oh Me haces tan feliz, sé que eres mía,
estabas destinada a mí lo supe desde el primer día,
abrázame, comparte mi alegría.

Así comenzó el cuento de hadas,
ramos de flores, bombones, paseos y dulces miradas,
lo que opinen los demás no vale nada,
un hombre bueno mantiene a una mujer enamorada,
Los días pasan como en una fábula,
vestidos de novia, lista de boda, planes, nueva casa,
ella es la reina, ella es el ama, ella le ama, ella le aguanta...

[Lydia] Quizás no deberías beber tanto...

[El Chojin] ¿Me estás llamando borracho?

[Lydia] No, no, claro

[El Chojin] Pues cállate mujer ¿eh?, que yo sé bien lo que hago,
anda sube al coche y borra esa cara de inmediato.

[Lydia] Claro...

[El Chojin] Ella y él se casan, el tiempo pasa, una llamada...

[Lydia] Mamá, ¡estoy embarazada!

[El Chojin] No hay mayor motivo para ser feliz que un niño,
él lo celebra saliendo con sus amigos.

[Lydia] ¿Dónde has estado? Me tenias muy preocupada

[El Chojin] No empieces...

[Lydia] ¿Porque no coges mis llamadas?

[El Chojin] ¡No empieces!

[Lydia] Es que siempre me dejas sola en casa
y vuelves a las tantas, además, ¿hueles a colonia barata?

[El Chojin] ¡Calla!

[El Chojin]

El primer golpe fue el peor,
no tanto por el dolor como por el shock de la situación,
esa noche él duerme en el sofá, ella no duerme nada,
sueños rotos, lágrimas en la almohada...

[El Chojin y Lydia]

Quien iba a decir que sería así... El final del cuento de hadas
Todo iba bien hasta que llegó... El final del cuento de hadas
Nunca pensó que podría pasar... El final del cuento de hadas
A otra ella le tocó vivir... El final del cuento de hadas

[El Chojin]

Perdóname por lo de ayer, no sé que pasó,

Es que... no sé, es el estrés del trabajo,
el cansancio, estaba un poco borracho,
perdóname, lo siento, sabes que te amo...

tras unos días ella recuerda el tema,
como si fuera una lejana pesadilla,
pensó en contarlo a sus amigas, pero no lo entenderían,

además, son cosas de familia.

*[Lydia] Él me quiere, esas cosas pasan,
y es verdad que a veces soy un poco bocazas...*

*[El Chojin] Nace el bebé, una pequeña preciosa,
pero él quería un niño y echa la culpa a su esposa...*

*[El Chojin] Lo haces todo mal, y estás gorda,
como pretendes que no me vaya con otras*

[Lydia] Pero...

*[El Chojin] ¡Pero nada! Todo el día en casa acumulando grasas
¿y no eres capaz de tener la cena preparada?*

[Lydia] Pero...

[El Chojin] Calla!

[Lydia] Pero...

[El Chojin] ¡Calla! Mira ¡no me obligues a que lo haga!

[Lydia] Pero...

[El Chojin] ¡Calla! ¡Te avise! ¡Ahora habla! ¡habla! ¡habla! habla...

*[El Chojin] Esta vez no se supo controlar,
ella acaba en el hospital,*

*tras tres días por fin escucha a sus amigas,
y denuncia a la policía su tortura.*

*La vida vuelve a sonreírle poco a poco,
ella y la niña rehacen sus vidas casi del todo,
un nuevo chico, un nuevo trabajo,
un nuevo futuro, en un nuevo barrio.*

*Pero el papel de un juez no es suficiente para detenerle a él,
y un día de vuelta al portal,*

él la espera con un puñal, y le acuchilla, doce veces.

*Fué el final del cuento de hadas,
un cuento real que se cuenta en cada ciudad, cada semana,
es la nueva plaga, es el final del cuento de hadas...*

*[Lydia] Quien iba a decir que sería así, el final del cuento de hadas
Todo iba bien hasta que llegó, el final del cuento de hadas
Nunca penso que podría pasar, el final del cuento de hadas
A otra ella le tocó vivir, el final del cuento de hadas*

- Señala todas as formas de agresión que aparecen no texto da canción.
- Que che parece a expresión "mateina porque era miña"?
- Por que ela tarda tanto en darse conta da súa situación? Hai un fragmento no que incluso se culpabiliza dela. Podedes atopalo e discutir sobre el?

Outras cancións:

<http://www.youtube.com/watch?v=tUJtzrcP5L0&feature=related>



25 de novembro, Día contra da violencia de xénero

Foron coñecidas como **Las Mariposas**. Eran militantes activistas contra a ditadura do seu país. Estiveron no cárcere e foron torturadas en varias ocasións. O ditador decidiu terminar con elas.

O 25 de novembro de 1960 Patria, Minerva e María Teresa, tres das irmás Mirabal, foron detidas nun lugar solitario dun camiño por axentes do Servizo Militar de Intelixencia do ditador da República Dominicana, Trujillo. Foron obxecto das máis crueis torturas, antes de ser vítimas do que se considerou o crime máis cruel da historia dominicana. Cubertas de sangue, esnaquizadas a golpes, estranguladas, foron postas novamente no vehículo no que viaxaban e arroxadas a un precipicio, coa finalidade de simular un accidente. A morte das Mirabal tivo grande repercusión na República Dominicana. A publicidade resultante provocou que o pobo dominicano se mostrase cada vez máis desexoso de apoiar os ideais democráticos das Mirabal. Esta reacción contribuíu a espertar a conciencia no público e finalmente culminou co asasinato de Trujillo o 30 de maio de 1961. Estes tempos convulsos para ese país están recollidos na novela de Vargas Llosa *La fiesta del chivo*.

No ano 1981 o Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe fixa o día 25 de novembro como o Día Internacional contra a Violencia de Xénero.



CUESTIÓNS

- Paréceche que hai países nos que se exerce máis violencia en contra das mulleres que noutros?
- Dáse máis violencia nunhas clases sociais que noutras?
- Ultimamente hai máis sensibilidade cara a violencia de xénero. A que cres que se debe?

“Ningunha muller que haxa na miña vida será menos ca min. Ningún home que haxa na miña vida será máis ca min.”

O XXVIII Cumio Iberoamericano celebrado en San Salvador a finais do 2008 e que reuniu a 19 estados americanos, e aos 3 ibéricos (Portugal, España e Andorra), acordou establecer unha campaña conxunta en contra da violencia de xénero e a tal efecto encargoulla á Secretaría General Iberoamericana e á Organización Iberoamericana de la Juventud. A campaña de nome **Maltratozero** estase a difundir conxuntamente en todos os países que participaron no cumio.



Vídeo: Maltratozero

http://www.youtube.com/watch?v=_pXLtqsezT0



MIRA ESTA IMAXE E CONTESTA

- Que mercancía vai nese contenedor?
- Cara onde se envía?

REFLEXIONA

- Na actualidade a nosa sociedade está a debater sobre este problema. Pon en común co resto do grupo todo o que sabes da explotación sexual e do tráfico de persoas.



Documental: *Niñas de hojalata*, de Miguel Bardem (2003)

Cada ano 12.000 nenas nepalesas son enviadas a traballar en burdeles de toda a India. A maioría só teñen 13 anos, as demais non chegan aos 18.

Prensa

Le este artigo publicado no diario *El País* de Carmen Calvo, presidenta da Comisión de Igualdade do Congreso dos Deputados, e ex ministra de Cultura.

O Guantánamo noso de cada día

“Si, son os antioasis das sociedades democráticas avanzadas en progreso económico e en desenvolvemento humano, os nosos Estados de dereito. Eses lugares denominados eufemisticamente de diversas formas, en fin: os prostíbulos. Ao virar a esquina dos nosos fogares, **en calquera punto do camiño** das nosas estradas, hai espazos onde se exerce o que moitos queren seguir etiquetando como “o oficio máis antigo do mundo”. Quen se inventaría esa forma de denominalo? Sen dúbida, podémolo chamar **a escravitude máis antiga da humanidade**, aquela que levaba violar e utilizar

sexualmente ás escravas cando había escravos, e escravitude, e aínda que só fose por isto, esa debería ser a súa denominación.

A trata de mulleres é, xunto cos asasinatos, a maior violencia de xénero imaxinable. Non se oen berros contra estes Guantánamos de proximidade. Quizá porque ao denunciálos, teríamos que imputar a **todos os gobernos, a todos os países**, a todo un mundo onde hai centos de miles de mulleres e menores, secuestradas, enganadas, vendidas, compradas e prostituídas. Como sempre, e isto tamén é

moi antigo, son as máis pobres, débiles e analfabetas. A todo isto chamámoslle trata: **tráfico de seres**. Si, é ese vello horror que non está tan afastado no espazo, nos chamados paraísos. Quen lle chamará a isto paraísos de turismo sexual? Quen lle chamará a isto turismo? Non, non están lonxe, están ás veces moi preto. Hai mulleres privadas de liberdade ilegalmente, maltratadas, é dicir, torturadas e obrigadas a exercer o devandito oficio, á beira da esquina, é dicir, en verdadeiros Guantánamos con todos o requisitos para selo. Aínda que son, en cifras, moitas máis en todo o mundo, as que poboan estes Guantánamos non oficiais.”

(...)


“Por iso conviría que revisásemos, entre todos, como podemos ser cidadás e ao mesmo tempo, neste século, tratadas como obxecto de tráfico e trata, para a prostitución e explotación; como a clientela de toda esta miseria humana crece no canto do contrario.

Mentres, as mulleres procuraremos ser eficientes, e para iso, a este criminal asunto, a partir de agora, propoño, chamémoslle, Guantánamos cotiáns, Guantánamos de esquina, Guantánamos de proximidade, a ver se así avanzamos máis rápido en atallalos. Escravas do século XXI, **escravas por ser mulleres, nenos e nenos dos que se pode abusar sexualmente** mediante pago. A máis horrible das transaccións, porque non imos chamalle mercancía ao feito de ter en verdadeiros limbos ilegais a miles de mulleres traficadas, literalmente secuestradas para ofrecer sexo obrigado. Pero a sexualidade é cousa esencial, e a liberdade sexual máis, e na dignidade das mulleres está a base da súa cidadanía no mundo, e por iso, este é un enorme tema digno de estar con letra maiúscula, no principal sitio da axenda política. Xunto cos asasinatos, **esta é a maior violencia de xénero imaxinable.**

Carmen Calvo. *El País* (25/11/2009)

CUESTIÓNS

- Localiza Guantánamo e descubre porque é tan famoso?
- Cal é a relación entre Guantánamo e os prostíbulos?
- A autora propón substituír “o oficio máis antigo do mundo” por...
- Investiga datos recentes sobre a prostitución en España.
- Traede á aula diferentes xornais e **cuantifícade** o que ingresa diariamente en **anuncios por palabras** de contactos sexuais. (Preguntade telefonicamente ou por correo electrónico canto vale inserir unha palabra nese xornal, e canto vale se vai acompañada de fotografía).
- **Redactade unha carta** colectiva para ese diario protestando porque se inclúan ese tipo de anuncios de “mercadoría” humana.



XOGO DE CONCEPTOS

Emparella estes termos coas definicións que tes ao lado:

Sexo

Conxunto de características, oportunidades e expectativas que a sociedade asigna ás persoas baseándose no seu sexo. É unha construción social.

Machismo

A manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e criaturas da familia e a ampliación dese dominio sobre as mulleres na sociedade en xeral.

Xénero

Actitude que implica odio, repudio e desprezo polas mulleres.

Sexismo

Diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes.

Misoxinia

Comportamento de desvalorización para as mulleres. Pon énfase na virilidade.

Feminismo

Actitudes que favorecen e perpetúan a desigualdade e a xerarquización no trato que reciben as mulleres baseándose na súa diferenciación sexual.

Patriarcado

Movemento pola igualdade de dereitos e deberes para mulleres e homes.



PDF:

Desarticulada la red de prostitución Porchaba, Faro de Vigo

<http://www.farodevigo.es/sucesos/2011/02/04/popular-restaurante-pub-tapaderas-mayor-red-prostitucion-estafa-vigo/515317.html>

España, el segundo país que descarga más pederastia infantil, El País

http://www.stecyl.es/prensa/2011/110209_cazados_pedofilos.pdf



As leis son creadas para compensar as desigualdades sociais e procurar xustiza. Van evolucionando cos tempos:

A resolución aprobada pola **Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre a Eliminación da Violencia contra as Mulleres (1994)** define tal violencia, como: "Para os efectos da presente declaración, a expresión **violencia contra as mulleres** supón calquera acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida producir dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico á muller, incluso as ameazas de tales actos, coerción ou privación arbitraria de liberdade, tanto se ocorre na vida pública como na vida privada".

A violencia de xénero (segundo a **Lei Integral contra a violencia de xénero**, 2004) consiste nunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

CUESTIÓNS

- Como che parece que é máis axeitado chamarlle a este tipo de violencia: de xénero, machista, contra as mulleres, doméstica...
- Explica coas túas palabras en que consiste
- A violencia pode ser de varios tipos: física, sexual, psicolóxica, económica... Explicaaas brevemente.

Sabías que...

A **misoxinia** consiste na aversión ou rexeitamento das mulleres, pero tamén todo o que recorde o mundo feminino, así a persoa misóxina despreza ás mulleres e tamén aos homes febles.

A **ablación** sexual é a mutilación de parte dos xenitais externos das mulleres para evitar que sintan pracer sexual coa finalidade de que cheguen virxes ao matrimonio e asegurar que só teñan fillos co seu home. Afecta na actualidade a arredor duns 135 millóns de nenas e mulleres musulmáns do mundo.



Video: Waris Dirie, Flor del desierto

<http://www.golem.es/flordeldesierto/>



Marcela Lagarde, deputada mexicana, que investiga os crimes de Ciudad Juárez populariza e define o termo **feminicidio** como crimes de odio contra as mulleres (viólanas e mátanas). Son crimes de Estado que se producen tanto en condicións de guerra como de paz. É a inexistencia dun estado de dereito polo que os asasinatos quedan sen castigo e se favorece a impunidad. A película "Ciudad del silencio" protagonizada por Jennifer López e Antonio Banderas ten esta temática.

A **violación** sistemática de mulleres é usada nas guerras como unha arma máis. Ten consecuencias devastadoras para a vítima e as súas familias. Dende 1994 está considerada como crime polo Tribunal penal Internacional, pero sigue sendo habitual ante a impasividade da comunidade internacional que pecha os ollos ao problema. Na República democrática do Congo, téñense contabilizado, dende o ano 1991, máis de 500.000 violacións, na súa maioría de nenas e mulleres. O documental "Invisibles" aborda este problema.



PDF:

Mujeres del Congo crean un ejército para luchar contra las violaciones.

[tp://www.elpais.com.uy/110213/pinter-547009/internacional/Mujeres-del-congo-crean-un-ejercito-para-luchar-contras-las-violaciones/](http://www.elpais.com.uy/110213/pinter-547009/internacional/Mujeres-del-congo-crean-un-ejercito-para-luchar-contras-las-violaciones/)

Para
saber
algo
máis...

Para saber algo máis...



Violencia de xénero na adolescencia

Algún concellos, como o de Logroño teñen blogs para fomentar o trato entre as parellas novas. Se che interesa aprofundar no tema podes entrar en www.quieremebien.es. Le agora o seguinte texto:

Diario de Laura

Estou preocupada. Desde hai uns meses saio cun rapaz, Xoán, que é un pouco maior ca min. Somos amigos e gústame moito, é intelixente, atractivo, simpático, guapo, aínda que tamén algo inseguro. Díxenlle que fose a un psicólogo, e non o tomou mal pero creo que pensa que o vexo fráxil, etcétera, e é así... ás veces véxoo un pouco fráxil pero cáeme ben e é un amigo de verdade.

Moitas veces intento axudalo pero non é doado. Gustárame explicarlle o meu problema a alguén, pero non sei se debo e calo.

O problema é que moitas veces, cando eu digo unha cousa, Xoán di o contrario, por exemplo, se propoño ir ó cine el di de ir tomar algo e falar; pero se son eu a que quero ir tomar algo e charlar, Xoán di por qué non imos ó cine.

Ao principio non me decatei diso. Estaba namorada. Agora sei que é así, que case sempre me leva a contraria.

Un día díxenlle que por qué non iamos a casa dunhas amigas que alugaran unha película das que nos gustaban e pasabamos a tarde alí. Xoán dixo que lle apetecía máis pasear e ir tomar algo. Eu enfadeime, xa estaba farta: sempre que eu propuña facer algo nunca estaba de acordo. Iamos collidos da man e notei que Xoán me empurraba cara a unha árbore. Tropecei e caín.

Mentres me axudaba a erguerme, a Xoán só se lle ocorreu dicirme que sempre andaba distraída, que era un desastre e que sempre caía. Doeume moito a súa actitude e aínda máis porque eu sabía que el me empurrara cara a árbore.

Entristecinme tanto que Xoán non sabía que facer para poñerme leda. A verdade é que cando vin todos os esforzos que facía e os coitados que tiña comigo, esquecinme da miña dor: finalmente fomos os dous ó cine e pasámolo moi ben xuntos.

Desde entón vía a Xoán tranquilo e máis seguro ca antes. Díxome que son moi importante para el.

Eu case esquecera o tema da árbore e estaba moi confiada. Por iso me doeu o que ocorreu hoxe. Todo comezou cando lle dixen que esta fin de semana non ía poder saír con el porque teño que preparar unha avaliación. Aínda escoito os seus berros, os seus insultos e sinto «claramente» o forte empurrón que me deu.

Esta vez non caín, pero foi peor. Non sei que facer; non entendo como se atreve a dicirme cousas tan desagradables, non sei por que me empurra. A verdade é que non sei que facer. Gústame Xoán, gústame a música e gozo coas miñas amigas. Pero ás veces preocúpame Xoán. Pregúntome se isto é algo que vai pasar sempre entre nós.

Sastre e Moreno, "Resolución de conflictos y aprendizaje emocional. Una perspectiva de género" de Ed. Gedisa.

CUESTIÓNS

- Cales son os sentimentos de Laura?
- Cales os de Xoán?
- Cómo se debería actuar para resolver esta situación da mellor maneira posible?

CAMPAÑAS POR LOS BUENOS TRATOS

<http://porlosbuenostratos.org/>
<http://www.youtube.com/watch?v=C15lcw02Qys&feature=related>
<http://www.youtube.com/watch?v=JIAoJx8J4nU&feature=related>
<http://www.youtube.com/watch?v=7-sCGJGi40s&feature=related>

Lipdub "Amor se escribe con buenos tratos"

<http://www.youtube.com/watch?v=g0eegqe0GGg>



Programa TVE: Informe Semanal - Aprendiendo a amar



<http://www.rtve.es/mediateca/videos/20091128/informe-semanal-aprendiendo-a-amar/639060.shtml?s1=noticias&s2=informe-semanal&s3=&s4>

Case un vinte por cento dos xoves cre que ser agresivos os fai máis atractivos, un modelo de "chico malo", que entende as relacións coas mozas dende a dominación e non dende a igualdade. Detrás de moitos casos de violencia de xénero agáchase un problema de machismo, por iso é fundamental sensibilizar a os máis xoves para que nin eles reproduzan modelos nin elas acepten un papel de sumisas que as converte en vítimas. (28/11/09)

ANALIZA COMO É A TÚA RELACIÓN PARA DETECTAR SE HAI VIOLENCIA “INVISIBLE”

Moitas relacións de parella son violentas e quen a exerce e quen a recibe poden non decatarse. Para previr as relacións de maltrato compre aprender a “ver” a violencia, o control, a posesión, o dominio... que hai na miña parella.

Se á túa parella...?

- | | |
|--|---|
| 1. Non lle gusta que saias con amigas e amigos ou esíxeche pedirlle permiso para facelo. | 1. Respecta o teu dereito a ter amigas e amigos e actividades propias. |
| 2. Fai presión para que non uses certo tipo de roupa ou moléstase se o fas. | 2. Respecta e acepta o teu xeito de vestir |
| 3. Céllase de toda persoa que se che achegue a ti. | 3. Confía en ti e na relación que compartides. |
| 4. Fai presión para ter relacións sexuais ou obrígate aínda que dixeras non. | 4. Aínda que exprese o seu desexo de manter relacións sexuais, acepta o teu non. |
| 5. Se tendes relacións sexuais non se responsabiliza de controlar os embarazos e de evitar infeccións de transmisión sexual. | 5. Só mantedes relacións sexuais por mutuo acordo e desexo. |
| 6. É unha persoa que sempre está disposta a responder afirmativamente a achegamentos sexuais de outras persoas, pero non quere que ti o fagas. | 6. Se tendes relacións sexuais asume a súa responsabilidade de controlar embarazos e evitar as infeccións. Respecta o teu dereito ao teu corpo. |
| 7. Decide controlar os cartos | 7. Emprega estratexias non violentas de solución de conflitos como o diálogo e a negociación. |
| 8. Altérase, insulta e berra cando discutides sobre algo. | 8. Respecta as diferenzas, as túas opinións e ideas. Exprésase sen violencia e sen intimidar. |
| 9. Sempre quere ter a última palabra nas discusións. Non respecta as túas opinións ou suxestións. | 9. Respecta o teu corpo, os teus sentimentos, o teu dereito á liberdade e a te coidar por ti mesma. |
| 10. Empúrrate ou golpéate. | 10. Apoia os teus proxectos e decisións. Cre na igualdade entre homes e mulleres. |
| 11. Pensa que o home é da rúa e a muller da súa casa | |

...a túa relación é de control e poder. VIOLENTA

...a túa relación é equitativa, xusta e de respecto.

NON VIOLENTA

Folleto de Alecrín

ORGANIZADE UNHA EXPOSICIÓN


Con cada unha das frases anteriores poderdes facer un mural por clase e colocalos na entrada do centro. Os positivos a un lado e os negativos ao outro.

Se organizades a exposición estaría ben que no medio dispuxédeses dun lugar onde se proxectaran os vídeos da unidade sobre violencia de xénero.



Videoclip: *Toda* de Malú

Videoclip que se xunta no CD
<http://www.youtube.com/watch?v=K6kr0fbh3lo>



@ WEB: *Rapazas*

http://www.lugo.es/ws/documentos/REVISTA_RAPAZAS.pdf



Despois de ver o videoclip da canción *Toda* de Malú propoñemos unha análise pormenorizada da letra porque parece ser unha apoloxía do maltrato á muller :

*Aquí me ves unida a tu vida
de diez a diez sin telas ni juicios
sin ningún porqué, sintiéndome libre
sintiéndome TUYA y amandote.*

*Aquí me ves
aunque liberada soy tú rehén
seduces ... encantas
que puedo hacer
de la encrucijada que tienes montada no
escaparé.*

*Te abriré las puertas del alma de par en par
dispuesta a hacer todo a tu voluntad
dispuesta a hacer todo lo que te de la gana.
Que me importa !!!*

*TODA
de arriba a abajo
TODA*

*entera y TUYA
TODA
aunque mi vida corra peligro TUYA
TODA*

*de frente y de repente
TODA
desesperadamente
TODA
haz todo lo que sueñes conmigo.*

*Aquí me ves
eres mi testigo
eres mi juez
mi trampa, mi vicio y mi no se qué
sintiéndome fuerte
sintiéndome tuya y amándote.*

*Aquí me ves
como hipnotizada*

*cabeza y pies
un poco embrujada
pues yo que sé
perdida en la magia de tantas palabras
creyéndote.*

*Te abriré las puertas del alma
de par en par
dispuesta a hacer todo a tu voluntad
dispuesta a hacer todo lo que te de la gana.
Que me importa !!!*

*TODA
de arriba a abajo
TODA
entera y TUYA
TODA
aunque mi vida corra peligro*

TUYA
 TODA
de frente y de repente
 TODA
desesperadamente
 TODA
haz todo lo que sueñes conmigo.
Con tus besos vuelo
en tus brazos juro
me siento más mujer.
Contigo desde cero
a donde quieras llevo
enamorándome y deseándote.

TODA
de arriba a abajo

TODA
entera y TUYA
 TODA
aunque mi vida corra peligro
 TODA
así de repente
 TODA
desesperadamente
 TODA
haz todo lo que sueñes conmigo.
 TODA
de arriba a abajo
 TODA
entera y TUYA
 TODA
aunque mi vida corra peligro

TODA
de frente y de repente
 TODA
desesperadamente
 TODA
haz todo lo que sueñes conmigo.
 TODA
de arriba a abajo
 TODA
entera y TUYA
 TODA
aunque mi vida corra peligro
 tuya
 TODA !!!!!

CUESTIÓNS

- Busca todas as expresións en que ela deixa nas mans da súa parella a súa vontade.
- Que quere dicir “de la encrucijada que tienes montada no escaparé”?
- Comenta a frase “aunque mi vida corra peligro”?
- Valora se a maneira dependente de querer que propón é a desexable nunha relación de parella.



Algúns mitos ou falsas crenzas sobre a violencia de xénero

Se o maltrato ocorreu unha vez, non ocorrerá máis.

Só certo tipo de homes maltratan as súas parellas.

Os homes que maltratan ás mulleres son enfermos mentais.

A violencia contra as mulleres é causada por drogas ou alcohol.

Se el fose tan violento, ela teríao denunciado.

As violacións son producidas por estraños.

A muller estaba borracha/drogada/vestía provocativa/seduciuno/quería marcha... e por iso pasou.

A igualdade como solución <http://sgi.xunta.es/>



CUESTIÓNS

- Debatede sobre os mitos da violencia
- Por que unha cifra tan elevada de homes maltratan as mulleres?
- Credes que a desigualdade entre os sexos pode xerar violencia?
- Cal vos parece que ten que ser a actitude dunha muller que sofre violencia?
- Tes noticias de grupos de homes que se manifestan en contra da violencia machista?



PDF: *El silencio: otra cárcel del maltrato*

http://www.elpais.com/articulo/sociedad/silencio/carcel/maltrato/elpepisoc/20110205elpepisoc_1/Tes

A violencia de xénero ten como característica a **invisibilidade**, funciona a lei do silencio. Moitas das veces como consecuencia da vergoña, da dependencia emocional, económica... ou da crenza en mitos e da privacidade (pénsase que é algo íntimo e persoal e non debe comentarse).

Sabías que...

- Segundo un informe da “Comisión para a Investigación dos Malos Tratos a Mulleres” (Madrid, novembro 2005) catro de cada cinco mozas de entre 12 e 18 anos (un 80%), e tres de cada catro rapaces (un 75%) da mesma idade cren que a súa parella pode quererlles **aínda que as maltrate** ou bata nelas. O estudo fíxose con 2.600 alumnas e alumnos de institutos da Comunidade de Madrid.
- No mesmo estudo, os estudantes, nos obradoiros, son capaces de identificar situacións de discriminación para as mulleres, pero cando valoran as relacións afectivas coa súa propia parella ou o seu grupo de amigos, “pasan por alto actos como que lles controlen o móbil, a roupa, con quen deben ou non saír, que lles berren, que se enfaden sen motivo ou incluso os pequenos golpes”.
- A maior parte do alumnado considera que se non hai celos é que non hai amor na parella. Que son necesarios e unha forma de demostrar ese amor.
- Os rapaces realizan unha descrición da muller claramente como obxecto sexual e moi influída pola pornografía.
- Outros datos que se sinalaron foron que: “Un 32,1 % dos rapaces e un 14,4% das mozas considera normal que un rapaz **obligue** a súa noiva a manter relacións sexuais con el nalgunha ocasión”.
- **Os malos tratos** ocúltanse tanto polos homes que a exercen como polas mulleres que os sofren, que incluso senten vergoña e culpabilidade por non seren capaces de cambialo ou por telo escollido.
- Os mitos sobre a violencia redundan na culpabilidade da moza: “é masoquista”, “é neurótica”, “algo faría”...
- As mulleres son as únicas vítimas de violencia que non son consideradas inocentes senón cómplices, consentidoras, débiles e responsables da violencia que sofren.
- Ata fai pouco o maltrato ás mulleres estivo naturalizado e tolerado.
- Os maltratadores adoitan ser publicamente “normais”, e é na casa onde se senten lexitimados para exercer a violencia.

Estás pola solución?

http://www.apfcib.org/pdf/libro_estas_pola_solucion.pdf



Vídeo: *Papás y mamás*

<http://www.youtube.com/watch?v=GcRY4YQNvQg>


Los niños lo ven, los niños lo hacen

<http://www.youtube.com/watch?v=u3Zvlp7hNEs>



- O exemplo ensina. Cres que a violencia se aprende?
- A ser vítima tamén se aprende? Que está interiorizando a nena?
- Debatede sobre o tema.

O ciclo da violencia



Unha das razóns principais pola que habitualmente a violencia se mantén é porque acontece dunha forma **cíclica e progresiva (o ciclo da violencia, estudado por Leonor Walker)**. Aadoita manifestarse ao longo de tres fases, que se denominaron: fase de tensión, fase de agresión e fase de conciliación ou de arrepentimento, tamén chamada de “lúa de mel”.

- Na **fase de tensión** comezan os insultos e demostracións de violencia. O agresor expresa a súa hostilidade pero non de forma extrema. A muller responde intentando calmalo ou evitando facer aquilo que a el lle poida molestar, crendo erroneamente, que pode controlalo.
- Pero a tensión seguirá aumentando, e produciranse **agresións** en forma de abusos físicos, psíquicos e/ou sexuais, é a **fase de agresión**. A descarga de agresividade alivia a tensión do home. Pode que a muller intente tranquilizar ao *maltratador*, sendo amable e servizal ou tendo relacións sexuais ou, noutras ocasións, ameazar con abandonalo.
- A seguinte fase sería a de **“lúa de mel”** na que o *maltratador* mostra arrepentimento, pide perdón, recoñece a súa culpa e promete que non volverá ocorrer. Temos que entendela como unha fase de manipulación afectiva. Esta fase é esencial para comprender por qué a muller ten a crenza de que a violencia é só algo pasaxeiro e que a súa parella a quere e no fondo non pretende facerlle dano.

Cada día os momentos de tensión e agresión son máis frecuentes e o agresor arrepiñtase cada vez menos. A medida que pasa o tempo, á muller seralle máis fácil recoñecelo como agresor e decatarse de que ten que afrontar o problema.

Mercedes Oliveira

Este ciclo descrito por Leonor Walker é unha tea de araña que envolve á muller maltratada impedíndolle reaccionar axeitadamente para preservar á súa saúde. Facede unha **escenificación** dunha situación de maltrato que sega estas fases e despois un **debate** na aula que propoña saídas para esta situación.

Ver: **Recibí flores hoy**: <http://www.youtube.com/watch?v=3suagQboVGs&feature=related>

Ritos de sangue

“Agosto pasa coma sempre derramando sangue ritual, o sangue das mulleres sacrificadas por seren mulleres. Van unhas corenta, e a seguir... Unha sociedade susodita democrática, pode convivir con estes crimes? Pode. Din os políticos: contra ETA tolerancia Cero. Pero contra o terrorismo sexual, que mata mil veces máis, importancia Cero. Dous gardas civís, últimas vítimas de ETA, foron obxecto de solemnes funerais con asistencia de representantes dos poderes públicos. Non así coas vítimas do terrorismo sexual. Se os poderes públicos non lle dan categoría, como se pretende que a cidadanía lla dea? Razóns: os motivos de ETA son políticos e públicos; os asasinatos de mulleres son privados, sen valor político. Os motivos de ETA atentan contra o sistema, poden desestabilizalo, os motivos dos crimes patriarcais, pola contra, consolidan o sistema. Vivimos nun sistema patriarcal onde o predominio é viril. A sociedade desenvólvese con estereotipos baseados na categoría sexual. Moitos homes non toleran que se lle resista ou se lle repoña a presa, o botín, a pertenza. Baten e matan. Como non o va facer? O dominio sexual masculino ten aceptación na nosa “democracia”, está na TV e na prensa, ten morbo, ten aceptación. Se imaxinan programas de difusión das ideas de ETA? Pois o ensino, o cine, os media están empeñados en difundir a erótica do poder fomentando ese dominio, non só como normal, senón como desexable, na conciencia de mulleres e homes. Por iso, estes rituais de sangue están provocados polo sistema. Que non se poñan a derramar lágrimas de crocodilo! É indignante!”

María Xosé Queizán, *A Nosa Terra* (19-11-09)



CUESTIÓNS

- Cando M^a Xosé Queizán fala de que “xa van unhas corenta”, a que se está referindo?
- Explica a frase “os motivos de ETA atentan contra o sistema, os motivos dos crimes patriarcais, pola contra, consolidan o sistema”.
- Cando a autora contrapón **tolerancia cero** do terrorismo con **importancia cero** do terrorismo sexual, que quere dicir?
- Que entendes por estereotipos? Hai estereotipos de tipo sexual? Pon exemplos.
- Por que se consideran privados os crimes machistas?
- “O dominio sexual masculino ten aceptación... está na TV, na prensa, ten morbo, ten aceptación”. Pon exemplos de casos recentes que teñas coñecido de este tipo de dominio.

INVESTIGA

- Ata o día de hoxe, e dende que empezou o ano, cantas mulleres teñen sido asasinadas no estado?
- E cantas mulleres teñen presentado denuncia por maltrato?

Organismos que rexistran os casos de violencia e manteñen os datos actualizados:

1. "Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia". Rexistro de mulleres maltratadas e femicidios.
<http://www.gva.es/violencia/>
2. "Federación de Mujeres Separadas y Divorciadas". Rexistro de mulleres mortas por violencia de xénero.
<http://www.separadasydivorciadas.org/>
3. Páxina sobre violencia de xénero e recursos do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade
http://www.migualdad.es/ss/Satellite?c=Page&cid=1193047246325&language=castilian&pagename=MinisterioIgualdad%2FPage%2FMIGU_Subhome
4. Páxina de igualdade do Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdade
http://www.migualdad.es/ss/Satellite?pagename=MinisterioIgualdad/Page/MIGU_home
5. Páxina sobre violencia e recursos do Concello de Vigo
www.igualdadevigo.org/violencia



Vídeo: *Anorexia e tiranía da beleza*

<http://www.youtube.com/watch?v=BqjbCkmxOLM&feature=related>



Vídeo: *El espejo de tu silencio*

<http://www.youtube.com/watch?v=Deb8hVe41-0>



RECURSOS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (VIGO):

Teléfono de atención **24 horas**: 986 293 963
 Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller: r/Romil, 20. Teléfono: 986 293 963
 Centro de Emerxencia e Rede de Pisos de Protección. Teléfono: 986 293 963
 Máis información: www.igualdadevigo.org/violencia



LECTURA:

De trapos e silicona, de De Gabriela Cañas, artigo sobre a tiranía da beleza

http://www.elpais.com/articulo/opinion/trapos/siliconas/elpepiopi/20100824elpepiopi_12/Tes

Como actuar ante unha situación de violencia

Dicir NON se algo non gusta ou apetece, correr, berrar para que alguén axude, e sobre todo contalo.
Mantelo en silencio só favorece á persoa que comete agresión.



Non gardar segredos que non son bos. Non temos, por exemplo, porque gardar en segredo un bico, unha aperta ou unha caricia que non queremos.

Non sentirse culpábeis por sufrir violencia ou acoso, culpábeis son as persoas que agriden.
Non hai motivos que xustifiquen sufrir unha situación tan inxusta. Tampouco hai que resolver o problema en soldade.




Denunciar os feitos, pedir axuda. A axuda pode vir da escola, da familia e de diferentes organismos.
As persoas adultas están para axudar. Pódense usar medios diferentes: unha conversa, unha carta, unha mensaxe por correo electrónico...

Ofrecer protección cando vexamos que alguén sofre violencia.
Animar a que conte o que lle pasa ou contalo nós por esa persoa.
Se observamos violencia e non facemos nada, significará que quen intimida se vai crecer máis e vai aumentar o número de agresións, se non se fai algo, quen agride pode pensar que aprobamos o que fai ou que ninguén se enteira.
Non podemos permitir que as agresións queden impunes.



"A igualdade como solución"



Blogcampaña 2009 contra á pornografía infantil

TRÍPTICO E CARTEL

- Facede un tríptico en grupo cos contidos anteriores (1. portada co título: Non cales..., 2. Denunciar os feitos, 3. Non sentirse culpábeis...) e as ilustracións correspondentes
- Facede carteis publicitarios para unha campaña de sensibilización que expoñeredes no centro.

CREAR

- Ao modo do vídeo anterior elaborade un audiovisual (powerpoint, fotos, cómic, collage...) no que se mostre como combater os malos tratos.

Micromachismos

O médico español Luis Bonino Méndez director do Instituto de la Condición Masculina, chama **microviolencia** ou micromachismos a actos pouco estudados e recoñecidos, case imperceptibles, realizados por moitos homes e que forzan, coartan, e **minan a autoestima persoal**. Son actos pouco evidentes, sutís, e insidiosos, case invisibles. As mulleres que os reciben non se perciben como vítimas de violencia, pero si sofren os seus efectos na súa integridade psicolóxica.

Os homes son expertos nestas accións de microviolencia polo efecto da súa socialización de xénero, que lles inoculara a crenza na superioridade e dispoñibilidade sobre a muller. Son pequenos e case imperceptibles controis e abusos de poder, normalizados, que os homes executan permanentemente con impunidad. Son exercidos incluso polos homes mellor intencionados, e con autopercepción de seren pouco dominantes. A orde social segue a ser un aliado poderoso do seu exercicio, xa que lles outorga aos homes, por selo, o “monopolio da razón” e, consecuentemente, un poder moral que lles fai crear un contexto inquisitorial no que a muller está en principio en falta ou como acusada: “exaxeras” e “estás tola”, son dúas ex-

presións que reflicten claramente esta situación.

Exemplos de micromachismos:

- A non participación no doméstico, total ou parcial, se actúa, actúa como axudante.
- Delegar o traballo do coidado dos vínculos sociais e familiares e das persoas.
- Facer requirimentos abusivos solapados, cuxa violencia consiste precisamente en que por non seren pedidos explicitamente, tampouco requiren ser agradecidos (“de paso...”).
- Facerse o parvo, eludir responsabilidades.
- Xustificado en que el ten cousas moi importantes que facer.
- A inclusión invasora de terceiros: amigos, TV, actividades...

Estás pola solución?

http://www.femiteca.com/IMG/pdf/LIBRO_ESTAS_POLA_SOLUCION.pdf
Mercedes Oliveira, coordinadora.

- Pon algúns exemplos cos micromachismos que respondan a estas descrições e constrúe unha narración que conteña eses exemplos.

A violencia nos medios de comunicación

“O máis atroz das cousas malas da xente mala é o silencio da xente boa.”

Ghandi

“A noite do luns 21 de setembro atoparon o cadáver dunha muller latinoamericana nunha maleta de grandes dimensións en plena Gran Vía de Barcelona; a noite do domingo anterior, día 20, unha rapaza, case adolescente morría acoitelada no descansión da súa escaleira; na tarde do sábado 19, outra de 31 anos aparecía morta no seu piso de Madrid. E nas semanas seguintes, máis do mesmo”.

O dian algúns homes ás mulleres?
Fanny Rubio. *El País* 09/10/09

Os medios de comunicación de masas tiveron e teñen unha grande influencia na toma de conciencia da sociedade fronte á violencia de xénero. Ademais está comprobado que **poden axudar** a baixar os índices de violencia. Cando se dan noticias sobre os avances da lei de igualdade e se expoñen as penas que se poden impoñer aos agresores, nótase que baixan as agresións ate un 10% nos días sucesivos.

Anna Flotats. *El País* 26/10/09

Diferentes organismos profesionais de xornalistas propoñen códigos de auto-regulación sobre o tratamento da violencia de xénero nos medios

Milagros Pérez Oliva. *El País* 29/11/09

Cómo facer unha denuncia de contido sexista:

http://www.inmujer.es/ss/Satellite?c=Page&cid=1264005600772&language=cas_ES&pagename=InstitutoMujer%2FPage%2FIMUJ_Generico



LECTURA:

Violencia machista, de Tamara Montero

http://www.lavozdeg Galicia.es/sociedad/2010/11/23/0003_8866544.htm

Na actualidade os medios de comunicación teñen a obriga de inserir nas noticias de violencia de xénero o número de axuda á muller maltratada (016). No ano 2010 máis do 60% das chamadas que recibiu o **número 016** eran de homes para amenazar as operadoras ou para denigrar ás mulleres. (Miguel Lorente, delegado do goberno contra da violencia de xénero).

“Isto ocorreu en 1993. En xaneiro de 1993. A partires desta morta comezaron a contarse os asasinatos de mulleres. Pero é probable que antes houbo outras. A primeira morta chamábase Esperanza Gómez Saldaña e tiña trece anos. Pero é probable que non fose a primeira morta. Tal vez por comodidade, por ser a primeira asasinada no ano 1993, ela encabeza a lista. Aínda que seguramente no 1992 morreron outras. Outras que quedaron fóra da lista ou que xamais ninguén as atopou, soterradas en foxas comúns no deserto ou espalladas as súas cinzas en medio da noite, cando nin o que sementa sabe onde, en que lugar se atopa.”

Roberto Bolaño (2004): 2666. Anagrama, páx. 444

México condenado polos “feminicidios” de Ciudad Juárez

A Corte Iberoamericana atribúe ao estado falta de dilixencia ao investigar

(...) o Estado mexicano terá que pagar por primeira vez pola súa falta de dilixencia ao investigar as máis de 400 mortes de mulleres que se veñen lamentando en Ciudad Juárez dende 1993. (...)

Pablo Ordaz. *El País* 21/11/09



CUESTIÓNS

- En que che parece que axudan os medios ?
- O fragmento do libro de Bolaño e a noticia do xornal tratan dos crimes de Ciudad Juárez, que sabes sobre eles?
- O artigo de Rubio leva un título semellante ao primeiro tomo da **triloxía do Millennium** de Larsson. Investiga o tema dos libros e propoñede a súa lectura no club de Lectura do centro ou no proxecto lector.
- Tamén podes ler “La quinta mujer”, de Mankel

Os videoxogos

Analizando os videoxogos do mercado detéctase unha carga moi grande de agresividade e sexismo. Esta é unha das conclusións as que chegaron as autoras e autores do estudo *"La diferencia sexual en el análisis de los videojuegos"* no que se analizan 250 dos máis comerciais. Alarma o sexismo e a **violencia contra as mulleres** que incorporan nos argumentos.

Pensan as persoas expertas que isto condiciona a imaxe que a mocidade vai construíndo sobre si mesma e que tamén condicionan a imaxe limitada e estereotipada que terán das mulleres.

Adoitan empregar linguaxe sexista, presentan mulleres totalmente irrealas, pero o máis terrible é a exaltación que fan da "cultura macho". Elevan a categoría universal unha distorsión do masculino no que só existen como "valores" o poder, a forza, o dominio, a vinganza, o desprezo... Pola contra o feminino é visto como covardía, debilidade, conformismo e submisión.

Aínda en aqueles (poucos) nos que as mozas son protagonistas, elas xogan un rol masculinizado, agresivo e dominante envolto nun físico con forte carga sexual inspirado nos cómics para adultos.

<http://www.inmujer.migualdad.es/mujer/publicaciones/docs/libro-videojuegos.pdf>



Enma Ríos

- Se che interesa o tema, entra na páxina do Instituto da Muller e descarga os documentos do estudo.
- Tamén podes valorar na aula se os videoxogos que máis che gustan responden aos valores mencionados no texto.
- Que se podería facer para mellorar os videoxogos?
- Facede unha carta e enviala a distintas produtoras propoñendo melloras para próximos videoxogos.

Outras propostas de actividades



1



Vídeo: *Amores que matan* de Iciar Bollain



Obxectivos

- Sensibilizar ao alumnado sobre a violencia contra as mulleres.
- Detectar os inicios dos malos tratos para poder combatelos.
- Desfacer mitos e falsas crenzas sobre o maltrato.
- Darse conta da necesidade que ten o maltratador de buscar terapia para poder cambiar.
- Achegarse ao maltrato dende a perspectiva do maltratador.

Desenvolvemento

1. O tema da película é a violencia na parella. Primeiro veremos a curtametraxe (20 minutos)
2. A continuación, e en pequenos grupos, traballárase sobre o cuestionario que se axunta. Ao remate haberá unha posta en común dos grupos.
3. O cuestionario que propoñemos para traballar é o seguinte:
 - Reflexionade sobre a violencia na parella que presenta a curta.
 - Que mitos ou falsas crenzas sobre a violencia de xénero se poñen de manifesto ao longo da película?

- Sinala en que escenas se poñen de manifesto os diferentes tipos de violencia.
- Como describirías á muller e ao home protagonistas do filme (Pilar e Antonio)
- Como se comporta o protagonista (Antonio) diante da muller?
- Cales son os principais mecanismos de defensa que adoitan utilizar os agresores?
- Que foi o que máis te chamou a atención da película? Por que?
- Consideras que esta película é realista? Argumenta a túa resposta
- Identifica os distintos mecanismos que interveñen nun proceso de violencia de xénero.
- Cres que este tipo de terapias poden ter resultados positivos?
- Cres que os maltratadores poden deixar de selo?

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual e Grupal

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Filosofía, Ética e Filosofía do dereito, Educación para a cidadanía, Ética e cidadanía: *A cara oculta da familia. Amor e posesión, Relacións de maltrato.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Outras películas que poderían servir para a actividade

- *Las hijas de Mohamed* de Silvia Munt, diferenzas culturais que inferiorizan ás mulleres
- *Te doy mis ojos* de Iciar Bollain, violencia machista
- *Sólo mía* de Javier Balaguer, violencia machista
- *Solas* de Benito Zambrano, violencia machista
- *Acusados* de Jonathan Kaplan, violación impune
- *Osama* de Siddiq Barmak, o difícil que é ser muller nun país musulmán
- *Crímenes invisibles* de Win Wenders, sobre agresións sexuais no Congo, dentro do documental *Invisibles*, producido por Javier Bardem.
- *Moolaade* de Ousmane Sembere, sobre ablación en Senegal
- *La maldición de ser niña* de Manon Loizeau, ser muller na India
- *Buda explotó por vergüenza* de Hana Makhmalbaf, nacer muller en Afganistán



2



LECTURA:

O inferno de Marta, de Pasqual Alapont



Obxectivos

- Ampliar as lecturas sobre igualdade enmarcándoas dentro do *Proxecto Lector* do centro
- Ensinar a ver que a violencia tamén se dá en parellas novas
- Sensibilizar ao alumnado sobre *a violencia e os malos tratos*.
- Potenciar a *educación en valores*.
- Ensinar ao alumnado a responder fronte a situacións de violencia de xénero.

Desenvolvemento (propoñemos o mesmo sistema de traballo en todos os libros)

1. O tema da igualdade podería abordarse, cada curso escolar, dentro de Plan de acción tutorial de 3º da ESO. A idade do alumnado deste nivel educativo é axeitada para debater cuestións relacionadas con este tema, ademais de ser un momento crucial na vida dos e das adolescentes onde é importante sentar as bases para que aprendan a tomar decisións responsables.
2. Todo o alumnado deste nivel debería ter como traballo obrigatorio a lectura dun libro sobre o tema de IGUALDADE, combinándose así o desenvolvemento do Proxecto lector e co Plan de acción tutorial.

3. O profesorado titor debaterá cada curso a lectura máis axeitada en relación co tema. *O inferno de Marta* de Pasqual Alapont podería ser unha boa forma de empezar a traballar sobre a violencia e os malos tratos xa que aborda a violencia machista nas relacións de parellas novas.
4. Este libro ven acompañado dun estudo, especie de libriño de autoaxuda, sobre violencia de xénero "A máscara do amor" elaborado polo psicólogo e criminalista Vicente Garrido, no que se analizan os comportamentos de risco que calquera persoa moza debería ter en conta para evitar caer no maltrato físico ou psicolóxico. Interesa moito lelo e debatelo na aula.
5. Para traballar nas titorías poderían mercarse os exemplares necesarios para a titoría con maior número de alumnos e alumnas e rotalos polas demais, sempre que o horario das titorías non coincidan.
6. Como sistema de funcionamento, no caso de non ter un propio, pódense gardar os libros no departamento de orientación, colléndoo cada titor ou titora nas horas que tivesen titoría e devolvéndoo posteriormente ao mesmo sitio. Para controlar a páxina na que queda cada alumno ou alumna, pódese empregar un parte de faltas, para que o alumnado poida poñer ao lado do seu nome o número das sucesivas páxinas nas que deixa a lectura.
7. Cada día de lectura, reservaranse 10 minutos para facer un resumo do lido no caderno de titoría, que será corrixido polo titor ou titora.



Vídeoclip: *No estás sola, Sara*

<http://www.rtve.es/alcanta/videos/television/estas-sola-sara/637137/>



Temporalización

Horas de titoría do 1º trimestre.

Modalidade

Grupal: len todos e todas á mesma hora.

Individual: cada alumno e cada alumna le ao seu propio ritmo.

Área implicada

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Lingua galega: *Lectura e comentarios do libro*

Ámbito sociolingüístico: nos programas de diversificación curricular: *Adolescencia e relacións sociais*

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, ética e cidadanía: *Relacións afectivas*.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

3



TEATRO LIDO:

Horario, de Begoña Muñoz Saa



Obxectivos

- Achegar ao alumnado unha escena realista de maltrato
- Fomentar a empatía
- Traballar aspectos técnicos de dramaturxia e de xogo dramático: dicción, representación...
- Ensinar a apreciar como a arte pode tratar os temas máis escabrosos para denuncialos.

Desenvolvemento

1. Unha vez traballado o tema da violencia, o alumnado pode escenificar na aula ou no salón de usos múltiples a obra de Begoña Muñoz: *Horario*. Cada cor se corresponde cun personaxe distinto.

HORARIO

1.- 6'30 h. da mañá. Deus, pídoche por favor, por favor, polo que máis queiras, por favor, que me estoure o corazón, por favor, que se me pare, Deus, por favor, que me suba a febre ata tolear, por favor, ata me derreter os miolos, por favor. Que deixe de respirar, Deus, por favor... Direille que... que me doe o estómago, que me debeu sentar mal a cea de onte, que... **Non, iso non, dirame que xa era visto, que nin unha tortilla sei facer, que ata é un milagre estarmos aínda vivos, despois de engulir durante anos os meus merdentos pratos. Dirá iso, merdentos, ou se cadra putos... Dirá putos. Despois, lembrará aquel famoso día en que se me esqueceu botarlle o sal ás fabas e estaban tan noxentas que "non hai dios que as coma", e nomeará a miña nai, "xa ela era igual, que só movía o cu se o teu pai lle daba un par de hostias"... Case son as sete, Deus, non queda case tempo. Paraliza estas mans, por favor, seca o sangue das pernas, por favor, fai algo rápido, Deus... Anúlame a consciencia... Por favor...**

2.- 10'30 h. da mañá. Malia todo, estas son, case sempre, as mellores horas do día. Aprácame o silencio da casa. O silencio e esa sensación de liberdade que sinto cando podo libremente estomballarme no sofá libremente ou meterme na auga quente da bañeira libremente ou decidir se recoller ou non recoller o pelo, libremente, poño por caso... De cando en vez, prendo a radio, aínda que procuro non sintonizar música porque calquera canción, sexa cal sexa, me fai chorar. Hoxe, con todo, asentouseme a anguria na boca do estómago e levo toda a mañá vomitando. **EL esqueceu traer da compra o café e non sei se teño que baixar á tenda ou non. Non sei se teño que baixar ou non. Se baixo, EL dirá que aproveito calquera escusa para saír da casa e ver o tendeiro. Preguntárame se lle deixei apalparme as tetas e me ferirá toda a tarde con... co de sempre "tampouco eu tiven que che rogar moito para meterme na cama contigo", "levas nas veas o sangue**

das putas e como as cabras tiras ao monte”, “seica non che chega foder comigo, eh, seica non che chego eu?”. Pero se non hai café na sobremesa... repetirá “inútil” tantas veces como pratos escache inútil e seguirá berrando inútil que se non fose por EL, inútil, que llo debo todo, inútil, que nada teño de meu, inútil... mentres recollo de xeonllos, inútil, os anacos da louza e os restos da comida. Eu axeonllada, inútil, mentres as súa man viola as miñas nádegas.

3.- 12'30 h. da mañá. Normalmente chama ás doce. Comproba que estou na casa. Chama dende o traballo á hora do café. Ás doce, aínda que onte soou o teléfono ás once e dez e antonte ás once menos cuarto. Pero colgaron. E mesmo hai días que chama dúas veces ou tres. Comproba que sigo aquí, na casa. Son as doce e media e EL chama normalmente ás doce, dende o café. A anguria quere asentarse agora na tempa dereita, case enriba do ollo. Porque hoxe, sobre as doce, chamou Rita, a miña curmá, e estivo case dous minutos, dous minutos!, falando e seguiría se non lle tivese dito que xa a chamaría eu noutro momento, xa te chamo eu, que tiña a tixola no lume, teño a tixola no lume, que estaba ben, estou ben, coma sempre, coma sempre... que non choraba, non, non choro, non, que tiña o nariz taponado por mor do catarro... teño catarro... Xusto ás doce chamou Rita, e xa son as doce e media. É capaz de abandonar o traballo e vir ata aquí, é capaz de arrincar o teléfono como me prometeu... Arrincalo... non estaría mal arrincar o teléfono. Tería un cable de conexión menos con EL.

4.- 4'30 h. da tarde. Estaba nervioso, está nervioso porque sospeita que o han botar axiña do traballo. Os nervios amoréanselle no puño que non para de bater contra a mesa. Escachou un vaso, derramouse o viño. “Sempre caldo. Pois eu traio cartos de abondo, onde é que

van?, que fas cos meus cartos?” Tirou ao chan todos os caixóns da casa na procura de pastillas. Di que tomo a píldora para poder foder con quen queira sen medo a quedar preñada. Non! Ergueume a saia, non!, rachou a braga e cheirou nela un olor a seme inexistente, non!. Fregou a miña cara borrando unha maquillaxe paranoica. Non! Lambeu coa súa lingua os meus beizos saboreando unha pintura só por EL imaxinada. (Náusea) Non puideren reprimir a arcada e corrín para vomitar o noxo. Tirei da cadea. “Non estarás preñada?” (Náusea).

5.- 7'30 h. da tarde. Collida do seu brazo, pásame por rúas e por prazas. Acostumo a contar as lousas, unha, dúas, as raias, tres, catro, o número de chicles, cinco, seis, as manchas, sete, oito ... Non miro a ninguén. Respiro profundamente, concéntrome, non debo poñerme colorada. A miña timidez terá que amosarse doutro xeito. Saudarei friamente o veciño do segundo. Se EL ve rubias as miñas meixelas suporá que ese home é quen me deixou preñada, “non estarás preñada?”, aínda que non queira comprobar na primeira farmacia que os vómitos proviñan esa tarde da alma, onde se asentou a anguria mentres EL adormecía no meu colo. (Náusea).

6.- 9'30 h. da noite. EL fálame do puta que é a vida, do coche que fai un ruído así, dos mamóns que o desangran no traballo, dos soños que non é quen de soñar, por imposibles. EL fálame e pídemelo perdón por ser tan brusco, “xa sabes como son, un animal. Se sabes que te quero, ruliña, que non aturaría volver do choio e non verte. Pélame a laranxa, anda”. E comenta a sorte que tiven, “que sorte tes que outros andan ás putas e beben e están no bar xogando a tarde” e EL non, sempre comigo. “Outros mallan nas mulleres” e EL non, que me ten como a raíña que son, que son a súa raíña. “Que vives de puta madre”, sen ter que traballar, que outras andan a fregar por-

tais e a limpar a merda doutros. E lémbreme o que custou o abrigo que me mercou, “puta que o pariu, que valeu medio soldo, a suor de cento vinte horas de traballo”. E comenta que o meu problema é que son inocente de máis, moi burriña e pouco cariñosa, que a un home así había que poñerlle un altar ou o nome dunha rúa... E eu concéntrome de novo. Respiro profundamente para esmagar a arcada que nace, desta volta, no propio corazón. Non podo vomitar agora. Agora non.

7.- 11 da noite. Deixei de ler pola noite á semana de estarmos casados. “Apaga a luz, que non dou durmido. Nesta casa hai alguén que traballa coma un cabrón e se ten que levantar cedo. Apaga a luz”. Deixei de xemer mentres facía o amor ás dúas semanas de estarmos casados. “Mira que es ben puta”, dicíame, e o pracer imaxinario esvaeceu da miña mente para sempre. Agora, nin sequera teño que morder a lingua para esmagar a protesta cando EL me esixe probas de amor. “Se me queres...”, “es a miña muller...”, “se non o fago contigo, con quen queres que o faga, me cago en diola, ou prefires que vaia ás putas...?” Con todo, non sei aínda a medida exacta que debería ter o meu sorriso, nin a intensidade do “sí”, nin o ritmo do meu acatamento. Non sei evitar o “seica estás quente”, “férveche a cona, eh?”, pero tampouco o “son o teu home, hostia, o que che dá comer, hostia, e o único que che pido é que me contentes un pouco. Teño dereito, hostia”. A primeira vez que me decatei, asusteime, pero agora dou grazas a deus porque non sinto a latexar do corazón nin lembro, a esas horas, nunca, o meu nome.

8.- 1 da madrugada. A modo, silenciosa como a sombra que é a miña propia existencia, retiro as sabas e érgome do leito. Vou cara á cociña sen prender as luces. Non facer ruído. E vou así espida, como

quere EL que me deite, espida. O roce da bata podería interromper este tempo en que me volvo sentir libre e miro pola fiestra e fumo un cigarro do seu paquete de tabaco e penso... Esa teima miña dende hai uns anos de preguntarme como era eu antes. Como era eu antes? Esfórzome, xúroo, por achar nesta memoria adormecida a imaxe de min mesma, antes. Pero non podo. Non me acordo. EL ten razón, ten razón, son burra de máis, son burra, quéixome de vicio, quéixome de vicio, outros andan ás putas e volven borrachos e mallan nas súas mulleres e limpan a merda doutros. E mira o abrigo que me mercou... E mira que abrigo! E teño un piso e un coche e lévame de vacacións á praia. E teño piso e coche e vou de vacacións. E fala, que outros ni falan. E fala. E ata o domingo fai a comida, paella, que a fai coa receita da súa nai... E ata fai a comida os domingos. E as veciñas din que é bo mozo e que qué home máis agradable, que home! e que qué sorte tiven, que sorte tiven! e é bastante limpo, é limpo, que non cuspe no chan, non cuspe no chan, e mete os calzóns EL á lavadora e... e aínda menos mal que non teño fillos. E aínda menos mal que non teño fillos.

9.- 6’30 h. da mañá. Deus, pídoche por favor, por favor, polo que máis queiras, por favor, que me estoure o corazón, por favor, que se me pare, Deus, por favor, que me suba a febre ata tolear, por favor, ata me derreter os miolos, por favor. Que deixe de respirar, Deus, por favor... Direille que... que me doe o estómago, que me debeu sentar mal a cea de onte, que... Non, iso non, dirame que xa era visto, que nin unha tortilla sei facer, que ata é un milagre estarmos aínda vivos, despois de engulir durante anos os meus merdentos pratos. Dirá iso, merdentos, ou se cadra putos... Dirá putos. Despois, lembrará aquel famoso día en que se me esqueceu botarlle o sal ás fbas e estaban tan noxentas que “non hai dios que as coma”, e no-

meará a miña nai, “xa ela era igual, que só movía o cu se o teu pai lle daba un par de hostias”... Case son as sete, Deus, non queda case tempo. Paraliza estas mans, por favor, seca o sangue das pernas, por favor, fai algo rápido, Deus... Anúlame a consciencia... Por favor...

- Se hai grupo de teatro no centro pode encargarse de ir preparando a obra, senón serán voluntarios e voluntarias da clase quen vaian preparando o texto para representalo na semana do 25 de novembro. Será moi interesante que os papeis femininos sexan representados por mozos para facer inversión de roles.
- Dende a clase de debuxo ou tecnoloxías poderían elaborarse carteis para publicitar a obra no centro en caso de representala no salón de actos.

Temporalización

45 minutos

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Lingua galega

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Debuxo: *Confección carteis.*

TICs: *O teatro como manifestación artística.*

Ámbito sociolingüístico nos programas dediversificación curricular: *División do traballo*

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, ética e cidadanía: *O control e a submisión.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.
- Competencia cultural e artística.

4 Concurso de cartas : *Dillo a quen maltrata*



Obxectivos

- Afondar nas sensacións e emocións que rodean o mundo do maltrato.
- Fomentar a empatía, poñéndose no lugar do maltratador ou da maltratada.
- Mellorar o estilo de aprendizaxe aprendendo a *relacionar conceptos*.
- Expresar por escrito opinións ben argumentadas sobre malos tratos ás mulleres.
- Traballar a expresión literaria.
- Conectar con outros ámbitos, fóra do escolar.

Desenvolvemento

1. Cada quen da clase escribe unha **carta a un maltratador**. Pódese redactar dende posicións distintas: un fillo, unha veciña, a afectada, o can da casa...
2. A idea é participar no concurso internacional do Concello de Lalín "*Dillo a quen maltrata*"
3. Previamente na clase cada persoa escribe unha carta, lense en voz alta e vótanse as que gustaron máis , argumentando o voto. Despois envíanse todas ao concurso.

4. Nas clases de linguas durante o mes de outubro pódese propoñer o tema, xa que adoita rematar o prazo de entrega arredor do 10 de novembro.
5. A orixinalidade, así como a expresión e presentación van ser relevantes para poder participar con éxito.
6. Pódense descargar as bases da páxina web do Concello (www.lalin.org), e enviar as cartas por correo electrónico.
7. Axúntase unha carta de Nicolás Fernández, alumno do IES Alexandre Bóveda de Vigo que foi premiada nunha edición anterior. Está en clave de ciencia- ficción.

Estimado compañeiro:

En primeiro lugar, felicidades. Naceu e é vostede un home, un home, un macho. Benvido ao noso mundo.

Empezarei por explicarlle de que trata todo o asunto. Verá, vostede como moitos outros naceu sendo un home e como tal debe aterse a certas regras e normas de conduta, a certo modo de vida, a certa maneira de relacionarse, etc. Coa intención de converterse nun membro

útil da nosa sociedade, vivindo comodamente nela e axudándonos a mantela. Espero que non me malinterpretase. Isto non é unha negociación e vostede agradeceránolo. Nós estamos en todas partes. Déixeme exemplificarlle isto á vez que lle conto como será a súa vida:

Vostede, nun principio, será educado polos seus pais, os cales ao ser educados no noso mundo, educaranlle como nós queremos que o fagan. Poida que non conscientemente, pero farano. No caso de que non lle sexan transmitidas todas as mensaxes ou no caso da ausencia dos pais, non se preocupe, temos outros métodos. Pronto se afeccionará á televisión e descubrirá o útil e efectiva que é á hora de educar pois poida que chegue a pasar tanto ou máis tempo con ela que cos seus pais. Poida que vexa ao seu pai tendo que someter á forza á súa nai, un acto que todo home que se prece debería facer se a súa parella se nega a someterse a todo o que o home decide. Asegúrolle que isto quedará gravado en vostede e esta visión rexurdirá anos despois.

Cando lle toque ir á escola e tratar cos seus compañeiros, debe trazar unha liña divisoria entre os mozos e as mozas. Vostede debe estar en grupos de mozos, xogar a xogos de mozos, defendelos como os mellores e desprezar os outros xogos. Confiamos en vostede pois aquí é onde por primeira vez, vostede debe decidir se se converterá nun home ou nunha nenaza.

A medida que creza deberá empezar a ver e tratar ás mulleres como obxectos que lle satisfán e danlle prestixio. Con cantas mais se deite, mellor. Hai que esforzarse na educación.

Chegará o momento de independizarse empezando a traballar e a vivir do seu soldo. Comprobará como os homes temos máis oportunidades e mellores soldos que as mulleres. É, sen dúbida, unha mostra da nosa sobera-

nía. Gobernar o mundo ten que ter as súas recompensas.

Agora que vive só, é o momento de buscarse unha nova serventa como un día o foi a súa nai. Poida que sentimentos como o amor xurdan con esa acode pero, non debe permitir que estes anubren os seus obxectivos finais. Ten que atala a vostede mediante o amor, o matrimonio, os fillos, o diñeiro, etc. Reduza o seu mundo a vostede, a súa casa e os seus fillos. Pero teña coidado e non sexa burricán. Ten vostede que ser sutil e ir aos poucos. Comprenda que mentres ela non estea atada a vostede, non ten porque permanecer ao seu lado. Primeiro asegúrese de atala e despois poderá sometela. Se chegado o momento tentase rebelarse, ten que ser tallante. Non dubide en usar a forza para demostrar a súa superioridade. aconséllolle que marque a súa superioridade de cando en vez para que as ideas de rebeldía desaparezan da súa cabeza. Esa muller debe ser a súa escrava. E direille algo máis: antes morta que rebelde e libre.

Todo isto ten como obxectivo, asegurarnos unha vida cómoda, satisfactoria e masculina. Fixemos que o aprender e levar o noso modo de vida cústenos o menor esforzo posible, por iso estamos e queremos estar en todas partes.

Temos que defendernos desas mulleres que tentan ser nós e deses que se fan chamar "homes" pero que non son máis que maricóns e efeminados. Escoura. Noutros tempos serían marxidados e mallados por todos pero hoxe en día hai que ser mais sutil, mais discreto...

Asegúrese de ter fillos porque ademais de servir para atala a ela, sérvenos a todos para manter o noso mundo. Se vostede quere que os seus fillos gocen dos privilexios que vostede gozará, asegúrese de defender a nosa soberanía masculina. En certo xeito resulta irónico que as mulleres sexan as que crían aos que logo han de sometelas. Que inconscientes. Son



como cordeiros e nós os seus pastores.

Ben compañeiro, creo que xa está dito case todo. Estea tranquilo, non ten vostede que lembrar todo o que lle dixen. Asegurarémonos de que as nosas mensaxes lle sexan repetidos unha e outra vez. Espero que sexa o suficientemente home e sensato como para cumprir co seu papel na nosa sociedade. Nosa e súa se vostede quere.

Estamos a observar. Os meus máis cordiais saúdos.

O.C.F.C.S.P.

(Organización para a Conservación e o Funcionamento dunha Correcta Sociedade Patriarcal)

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Linguas: inglesa, galega, castelán, francesa : *Cartas a quen maltrata*

Ámbito Sociolingüístico nos Programas de Diversificación Curricular: *Adolescencia e relacións sociais*

Filosofía, Ética e Filosofía do dereito, Educación para a cidadanía, Ética e cidadanía: *Relacións afectivas*.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Temporalización

4 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Área implicada

Titoría

Para rematar



Vídeoclip: *Se acabaron las lágrimas de Huecco*

<http://www.youtube.com/watch?v=x466jxJSMK0>



